



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Currás Valle, Consuelo  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel  
Dominguez Blanco, Santiago  
González López, Raquel  
Rico Fuentes, Juan Jesús

### PAS

Estévez Orge, Marcos  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 24 de marzo de 2020, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, no Paraninfo da Universidade, no Edificio Ernestina Otero, 2º andar, Campus Universitario de Vigo.

Ás 09:30 do día **24 de marzo de 2020** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno coa presenza no Paraninfo do reitor e do secretario xeral, así como do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Os restantes membros conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Previamente, expóñense as seguintes advertencias:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra. Intervencións: máximo 5 minutos.

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de votación.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento.
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto).
- Se non hai petición de “debate” e “votación”, procederase á aprobación por asentimento.
- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado.
- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os puntos da orde do día son os seguintes:

### **1. Validación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2020, e aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do 27 de febreiro de 2020.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que explica que, ante as dúbidas xurdidas en torno a aprobación dun acta ordinaria nunha sesión extraordinaria tráese de novo a aprobación polo Consello de Goberno a acta da sesión do 22 de xaneiro. Non houbo alegacións a ningunha das actas.

Apróbanse ambas actas por asentimento.

## 2. Informe do reitor.

O reitor manifesta o seu orgullo pola resposta da Universidade na actual crise. Subliña que non haberá ERTES na nosa Universidade agás en circunstancias excepcionais, dadas as contas saneadas que temos na actualidade.

Informa brevemente sobre os asuntos tratados na última CRUE

- Estase traballando para a posta en marcha dos estudos consecutivos de grao e máster (os “integrados”) restrinxidos, polo de agora, as enxeñarías.
- Estanse a preparar novas figuras de profesorado que permitan rexuenerar os cadros de persoal con contratos estables e un compromiso a longo prazo (semellantes ós PP1 e PP2).
- Estase a debater un programa de estabilización de profesorado asociado.
- Os datos de financiamento das universidades españolas son preocupantes.

Informa brevemente sobre “A Universidade en cifras”, proporcionando unha ligazón para quen queira afondar no tema:

<http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?RootFolder=%2fDocumentos%20compartidos%2fPublicaciones%2fUniversidad%20Española%20en%20cifras&FolderCTID=0x012000C3A3CC3E5BA66541997D2BA283A0CBF2>

1. No ámbito estatal, o número de universidades e universitarios/as é axeitado.
2. Debe haber un sistema de bolsas que favoreza ás familias con menos ingresos.
3. Precisamos máis entradas en STEM... e menos fracaso.
4. O abandono en España é semellante ao dos países da contorna.
5. Os estudos universitarios melloran a empregabilidade.
6. A produción científica española é un 3,6 % da mundial (o PIB é o 1,6%). As universidades son as que máis contribúen a esta produción científica.
7. Os fondos dedicados á investigación seguen a diminuír.

Informa sobre a reprogramación do calendario levada a cabo na UVigo pola crise do coronavirus.

27 de febreiro.

- Creación da páxina con información sobre o COVID-19 e a súa incidencia sobre a actividade da Universidade de Vigo na web.

Do 2 ao 6 de marzo.

- Creación do Comité de Seguimento do COVID-19

8 de marzo.

- Adaptación do vídeo sobre lavado de mans da OMS.

9 de marzo.

- Difusión nas redes sociais, na web, na App e nas listaxes de correo electrónico das orientacións verbo do actual brote de enfermidade por coronavirus.

10 de marzo.

- Reunión do Comité de Seguimento do COVID-19.
- Creación do Protocolo de actuación da Universidade de Vigo ante a activación da alerta sanitaria polo COVID-19 (SARS-CoV-2).
- Xestión de entrevistas e atención de solicitude de información por parte dos medios.

12 de marzo

- Acórdase suspender as actividades lectivas presenciais a partir do 13 de marzo de 2020 e ata novo aviso.
- Péchanse as bibliotecas e as instalacións deportivas.
- Difusión nas redes sociais, na web, na App, no Duvi e nas listaxes de correo electrónico das decisións adoptadas.
- Xestión de entrevistas e atención de solicitude de información por parte dos medios.

13 de marzo.

- Xuntanza do Comité de Seguimento do COVID-19.
- Reunión coas forzas sindicais para preparar servizos mínimos.
- Xuntanza cos xefes e xefas de servizo.
- Posta en marcha da docencia en liña.
- Creación do protocolo de suspensión da actividade académica e dos protocolos de actuación para o PAS e o PDI.
- Difusión en redes sociais, na web, na App, no Duvi e envío nas listaxes de correo electrónico dos documentos.
- Publicación nas redes sociais, na web, na App e envío nas listaxes de correo electrónico das recomendacións da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ao PDI.
- Publicación na web, na APP e nas listaxes de correo electrónico das recomendacións para estudantes.
- Xestión de entrevistas e atención de solicitude de información por parte dos medios.

14 de marzo.

- Publicación da carta do reitor á comunidade universitaria no Duvi e difusión nas redes sociais, na web, na App e nas listaxes de correo electrónico.

15 de marzo.

- Difusión nas redes sociais, na web, na App, no Duvi e nas listaxes de correo electrónico da resolución reitoral de peche temporal das instalacións, centros e servizos.

16 de marzo.

- Difusión en redes sociais, na web, na App, no Duvi e nas listaxes de correo electrónico da instrución da Xerencia pola que se desenvolve a resolución reitoral do 14/03/2020 de peche

temporal das instalacións, centros e servizos da Universidade de Vigo no relativo ao persoal de administración e servizos

- Publicación das recomendacións de acceso ás instalacións do persoal investigador na web e nas redes sociais.
- Difusión nas listaxes de correo electrónico, na App e nas redes sociais do aprazamento dos recoñecementos médicos.
- Xestión de entrevistas e atención de solicitude de información por parte dos medios.

17 de marzo.

- Difusión en redes sociais, na web, no Duvi e en listaxes de correo electrónico da confirmación dos primeiros caso de contaxio por coronavirus de dous membros da comunidade universitaria.
- Publicación de novas ferramentas para a docencia, información da Xerencia sobre contratos e recomendacións de acceso do PDI ás instalación na web e nas redes sociais.
- Publicación en web, nas redes sociais, na App, no Duvi e nas listaxes de correo electrónico da información sobre Campus Remoto.
- Xestión de entrevistas e atención de peticións de medios de comunicación.

18 de marzo.

- Difusión nas redes sociais, na web e nas listaxes de correo electrónico do Protocolo básico de actuación nas instalacións da Universidade de Vigo ante a confirmación de casos polo COVID-19.
- Publicación da información sobre as prácticas externas.
- Difusión en redes sociais de imaxes de Oli animando a respectar o confinamento.
- Xestión de entrevistas e atención de solicitude de información por parte dos medios.

19 de marzo.

- Aviso da posta en marcha das salas virtuais de Campus Remoto na redes sociais, na App e nas listaxes de correo electrónico.

A partir do 23 de marzo.

- Probas de aulas virtuais en directo.
- Continuación do curso intensivo de Faitic.
- Docencia virtual a través de Campus Remoto.

Abril

- Probas de aulas virtuais en directo (campus remoto).
- Continuación do curso intensivo de Faitic, con posibilidade de avaliación a distancia.
- Docencia virtual a través de Campus Remoto, como alternativa.
- Toma de novas decisión en función da evolución da crise (a partir do 11 de abril).

O reitor móstrase optimista en relación coas medidas adoptadas e espera que coa colaboración dos centros poderase salvar o curso académico.

Iñigo Cuiñas agradece a labor do equipo de goberno en canto a docencia online. Indica que os casos de coronavirus deberían comunicarse aos decanatos, e comenta un caso que coñeceu do seu centro sen que dende a reitoría se avisara e sen que houbera un protocolo de aviso. Pensa que hai que ser coidadosos

coas noticias de prensa para non causar intranquilidade na comunidade universitaria. O reitor alaba o traballo realizado e amósase satisfeito e comunica as razóns da información sobre os casos detectados, para facilitar a diagnose. Concorda na importancia da colaboración cos centros.

Susana Reboreda pregunta pola posibilidade de acceso aos ordenadores dos centros. O reitor indica que se están a instalar VPNs aos PAS que o necesitan, dándose prioridade aos que realmente o necesitan. Pouco a pouco iranse instalando máis.

José Luis Míguez comenta respecto da intervención de Iñigo Cuiñas que o equipo de goberno seguiu o protocolo previsto ao efecto e explica porqué non se puido comunicar a situación do profesor afectado, así como outros casos acaecidos. En ningún momento ocultouse información. Respecto da intervención de Susana Reboreda, comenta como se implantaron os VPNs, cos datos das peticións que restan. Irase servizo a servizo para estudar as prioridades. Outra cuestión é que en moitos servizos trabállase directamente na web.

Iñigo Cuiñas comenta que o caso chegou á prensa e pide contención na comunicación e cautela de cara ao futuro, aínda que xa non haxa contaxios na Universidade ao estar pechados os centros. Se non están confirmados os casos, pide que non saian na prensa.

O reitor responde que o obxectivo da medida era tranquilizar ao resto do persoal. O procedemento foi perfeccionado.

Daniel Couto súmase aos agradecementos e pide que se aprenda dos erros. Pregunta polos escenarios posibles para prácticas de empresas e extracurriculares así como para o TFG e TFM. O reitor agradece a pregunta e indica que non podemos adiantarnos aos acontecementos. Haberá que buscar fórmulas axeitadas para a realización dos TFG/TFM, pero dependerá das previsións do Goberno, inclusive contando co mes de agosto, aínda que de momento a prioridade é non modificar o calendario.

Natalia Caparrini comenta que respecto das prácticas de empresa é prematuro falar, aínda que estamos tentando reformulalas como teletraballo.

Carmen Ruiz pregunta no chat polas prazas de PP1 e PP2 anunciadas no informe e o reitor comenta sobre as características das mesmas, segundo as informacións proporcionadas pola CRUE. Na Universidade de Vigo haberá que esperar pola normativa estatal.

Mónica Valderrama fai unha aclaración sobre a intervención de Iñigo Cuiñas, sinalando que xa existía un protocolo que se seguiu e que non houbo filtracións na prensa. Nos dimos a noticia no DUVI, aínda que despois cambiouse o protocolo. Pensa que é relevante manter á comunidade informada.

O reitor felicita ao equipo de comunicación e á vicerreitora pola súa labor.

Juan Pardo pregunta polas prácticas en empresa e a incorporación dos alumnos en abril ás prácticas curriculares. Pregunta se sería posible que fixeran unha materia optativa no seu lugar. O reitor está de acordo coa proposta e tentará facela posible.

Iñigo Cuiñas insiste en que non se informou á dirección do centro.

### **3. Validación, se procede, do acto administrativo da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que, segundo o artigo 53.1º do Regulamento Electoral Xeral “correspóndelle ao/á reitor/a convocar as eleccións de representantes no Claustro Universitario, despois da súa aprobación polo Consello de Goberno e da aprobación do calendario electoral pola Comisión Electoral”. Detectado que as eleccións a representantes de alumnado ao Claustro Universitario convocadas o pasado día 4 de febreiro non foran previamente aprobadas polo Consello de Goberno, a Secretaría Xeral consultou á Asesoría Xurídica da Universidade se o vicio apreciado acarrexaba a nulidade de pleno dereito do acto (artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas) ou tratábase, pola contra, simplemente dun acto anulable (artigo 48.1º da mesma lei). A resposta da Asesoría Xurídica á pregunta feita, no seu informe emitido o día 9 de marzo, foi a seguinte:

“No caso que nos ocupa, séguese un procedemento: convocatoria polo reitor, aprobación do calendario pola Comisión Electoral..., polo que entendemos que non estaríamos ante un suposto de omisión absoluta do procedemento. Por tanto, estaríamos ante un suposto de anulabilidade do art. 48.1”.

No caso de anulabilidade, continúa dito informe da Asesoría Xurídica, aplicarase “o previsto no artigo 52 da LPACAP:

(...) 1. La Administración podrá convalidar los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan”.

Remata sinalando a Asesoría Xurídica que “procedería, por tanto, que o Consello de Goberno tomase acordo de aprobación sobre a convocatoria de eleccións (...)”. Segundo a Asesoría Xurídica, o indicado no parágrafo precedente “conlevaría que tamén se podería aplicar o previsto no art. 51 da mesma norma: el órgano que declare la nulidad o anule las actuaciones dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción. (...) Nese caso, o órgano que declare a anulación pode determinar que actos e trámites conserva”.

Cabe engadir que o artigo 52.4º da LPACAP sinala que “si el vicio consistiese en la falta de alguna autorización, podrá ser convalidado el acto mediante el otorgamiento de la misma por el órgano competente” e que o artigo 39.3º da mesma lei sinala que “podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados” cando se den os presupostos establecidos (que concorren no presente caso).

Polo exposto, tráese ante o Consello de Goberno a convalidación da convocatoria de eleccións a representantes de alumnado no Claustro e asemade a conservación dos actos e trámites levados a cabo, que xa foron aprobados pola Comisión Electoral.

Daniel Couto indica que se comunicou coa Secretaría Xeral e ten unha dúbida procedementa e pregunta se existe algún risco de crear un precedente. O secretario xeral aclara que non haberá precedentes por esta causa.

Apróbanse por asentimento a convalidación e a conservación de todos os actos e trámites realizados.

#### **4. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón o cadro dos límites de prazas para titulacións de grao que foi xa acompañado coa documentación, e que debe ser enviado á Xunta antes de fin de mes. Foron aprobadas pola COAP. Renúnciase de momento aos graos abertos, tralo acordo entre as tres universidades do SUG. Vai debullando as peticións dos distintos centros sobre o incremento de prazas. A do grao de enfermería de POVISA rexeitouse pola COAP.

Apróbanse por asentimento os límites de prazas aceptados pola COAP.

#### **5. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón o cadro dos límites de prazas para titulacións de máster que foi xa acompañado coa documentación, do mesmo xeito que no punto anterior.

Apróbanse por asentimento os límites aceptados pola COAP.

## **6. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/22.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón as declaracións de interese recibidas, que corresponden ás seguintes titulacións de grao:

- Relacións Internacionais
- Dual en Enxeñaría da Automoción
- Filoloxía Aplicada Galega e Española
- Ciencia de Datos e Intelixencia Artificial

As tres primeiras están dentro da extensión do mapa de titulacións acordado coa Xunta. A COAP rexeitou a cuarta solicitude e aceptou as tres primeiras.

En canto aos máster:

- Negocio Dixital
- Dereito da Empresa
- Creación Artística Contemporánea
- Formación de Profesorado en Español como Lingua estranxeira (interuniversitario)
- Sistemas Aéreos non Tripulados (interuniversitario)
- ICEMAR (decaeu por non seguir o procedemento)

O informe da COAP é positivo para as cinco primeiras.

En canto ao doutoramento, son as seguintes:

- Matemáticas a Aplicacións.
- Envellecemento.

Aparecen nun programa POCTEP en colaboración co Norte de Portugal e as outras universidades do SUG.

Francisco Rodríguez aclara que a súa proposta é estratéxica e quería que constase o interese do centro, para que se tivera en conta. Pide que cando a COAP faga un informe negativo se aclaren as razóns.

Apróbanse por asentimento as propostas acordadas pola COAP.

## **7. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/22.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón as declaracións de interese de modificación recibidas:

- Grao en Ciencias Ambientais
- Grao en Enxeñaría Agraria
- Grao en Tecnoloxía dos Alimentos
- Grao en Belas Artes
- Grao en Bioloxía
- Grao en Linguas Estranxeiras
- Grao en Tradución e Interpretación
- Máster Universitario en Finanzas
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- Máster Universitario en Comercio Internacional
- Máster Universitario en Dirección de PEMES
- Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade

- Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI)
- Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental
- Máster Universitario en Enxeñaría Informática
- Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións
- Programa de Doutoramento en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento
- Programa de Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde
- Programa de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais

Recibíronse outras dúas de grao das Escolas de Enfermería (neste caso agardarase pola Asesoría Xurídica) e de IESIDE que non foron autorizadas pola COAP

Apróbanse por asentimento as solicitudes de modificación informadas positivamente pola COAP.

### **8. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica que as propostas de PDA de titulacións de grao para o curso 2020/21 enviadas polos centros tras a negociación cos mesmos (que se acompañaron coa documentación) foron aprobadas pola COAP. O vicerreitor vai debullando as particularidades máis salientables detectadas, dividindo os centros en varios bloques segundo os axustes feitos polos centros.

Francisco Rodríguez fai unha aclaración que faltaba cara ao seu centro e pide que conste en acta que non está de acordo coa parte que toca ao alumnado repetidor, xa que pensa que deberían considerarse as horas matriculadas polo devandito alumnado, posto que, en caso contrario, non se computarían no curso pasado e tampouco no próximo.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado fala asemade dunha petición de novas materias para o terceiro curso de Enxeñaría Biomédica. O Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións rexeitou mediante un escrito materias adscritas ao seu departamento (técnicas de procesado de sinais biomédicas). A proposta da Vicerreitoría é seguir a proposta do centro e adscribir a proposta ao dito departamento.

Juan Pardo aclara os trámites levados a cabo no centro para a adscripción da materia.

Iñigo Cuiñas resalta que el non apoiou no seu momento este plan de estudos precisamente por este tipo de problemas. O departamento do que forma parte pide non impartir esa docencia pola falta de coñecementos previos do alumnado e porque non se dan as condicións para impartir a docencia. Pedirá a votación.

Juan Pardo móstrase en desacordo con Iñigo Cuiñas e pensa que a materia pode impartirse perfectamente.

Edita de Lorenzo pide que conste en acta o seu voto en contra, así como Iñigo Cuiñas, Daniel Couto e Juan Jesús Rico.

Apróbanse por asentimento as PDAs de grao informadas previamente de xeito positivo pola COAP, agás a proposta relativa á materia de Enxeñaría Biomédica, que é votada a través da aplicación con resultado positivo.

- Votos a favor da proposta do centro e da Vicerreitoría: 22
- Votos en contra da proposta do centro e da Vicerreitoría: 7
- Abstencións: 13

O vicerreitor remata falando de certas materias xa impartidas e propón deixalas como ata agora, o que se aproba por asentimento.



En suma, apróbanse por asentimento as PDAs de titulacións de grao para o curso 2020/21, agás no relativo a adscrición dunha materia de Enxeñaría Biomédica, que é aprobada por maioría.

### **9. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica que as propostas de PDA de titulacións de máster para o curso 2020/21 enviadas polos centros (que se acompañaron coa documentación) foron aprobadas pola COAP.

Juan Pardo fai unha aclaración sobre o máster de Enxeñaría Industrial.

Apróbanse por asentimento as PDAs das titulacións de máster para o curso 2020/21.

O reitor auséntase por ter que asistir a outra videoconferencia coa Xunta de Galicia con motivo da alerta sanitaria. Preside o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

### **10. Aprobación, se procede, das Normas de Elaboración do POD.**

Toma a palabra o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón as liñas básicas da regulación, que foi acompañada coa documentación:

- Deslígase a contratación de profesorado consolidable.
- Cambio de estrutura do documento.
- Cambios de redacción.
- Incorporación de instrucións e recomendacións.
- Avance na regulación da incorporación de investigadores e investigadoras.
- Cambio na prelación, dada unha sentenza recente.

O documento dividiuse en tres páxinas e unha serie de anexos, para facilitar a súa consulta.

José Manuel Cruz intervéen en relación ao apartado seis, relativo á adscrición por campus do persoal posdoutoral, pedindo aclaracións ao respecto. Pensa que a medida vai contra a captación de talento que é unha meta precisamente do equipo de goberno. O vicerreitor aclara a dúbida e José Manuel Cruz entende que todo quedou claro.

Antonio Collazo consulta os prazos de aprobación do POD polos departamentos cara a crise sanitaria. O vicerreitor manifesta as súas dúbidas ao respecto dada a suspensión de prazos, pero non avanza unha solución definitiva.

Francisco Rodríguez solicita que se informe ao Consello de Goberno dos acordos adoptados pola COAP (páxina 3 do documento). O vicerreitor non ten inconveniente e acepta a suxerencia.

Apróbanse por asentimento as normas de elaboración do POD, co cambio suxerido por Francisco Rodríguez.

### **11. Aprobación, se procede, das Normas para a contratación de Profesorado Axudante Doutor.**

Toma a palabra o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón as liñas básicas da regulación, que foi acompañada coa documentación:

- Decisión baseada no cadro teórico, non nas necesidades anuais (POD).

- Criterios baseados:
  - Capacidade básica real
  - 240 horas
- Planificación plurianual das necesidades de consolidación.
- Adxudicación previa á elaboración do POD anual.
- Posibilidade de segundo concurso.

O vicerreitor indica porqué non se fai referencia á figura de axudante, indicando que se está á espera de que prosperen as figuras de PP propostas pola CRUE. Terá unha normativa específica chegado o caso (só hai un axudante a día de hoxe, que remata o seu contrato este mesmo ano).

O vicerreitor sinala as diferencias fundamentais respecto da normativa anterior. Pensa que a normativa proposta será mais clara cara ás perspectivas de axudantes doutores para os departamentos.

Susana Reboreda pregunta se se contemplan medidas para áreas que poidan quedar sen ninguén contratado fixo. O vicerreitor indica que iso se decidirá cando se aborde o asunto da plantilla teórica de profesorado e apunta as solucións.

Carmen Ruiz expón que, como directora dun departamento xurídico e profesora de Dereito, ten que rexeitar esta normativa por varias razóns: “1.- Porque se mantiene la misma política en profesorado que tenía el equipo anterior, un poco mejorada, pero para este viaje no hacían falta tantas alforjas. 2.- No se ha hecho un esfuerzo real para buscar soluciones en determinados ámbitos con un profesorado que va a envejecer en unos años, mientras que existen alumnos de doctorado de la Universidade de Vigo que han terminado o están a punto de terminar la tesis, que han gozado o gozan de becas FPU. Recuerdo las palabras del equipo rectoral acerca de realizar esfuerzos de futuro para que nadie que estuviera haciendo la tesis, tuviera que irse porque no había 240 créditos en la actualidad, cuando en unos 2 o 3 años sí que los habría. 3.- Desde el equipo rectoral no se hacen esfuerzos con esta normativa para retener el talento en el ámbito jurídico-social, cuando se exigen 240 horas en un campus. Al igual que el Ramón y Cajal, el acceso al FPU es altamente competitivo y exigente, y desde la Universidad no se ha hecho ningún esfuerzo, reiterándome en la misma idea. Pongo el siguiente ejemplo, un Área que tiene 190 horas consolidables ahora mismo, y con 450 horas impartidas por asociados, una becaria FPU terminando la tesis no puede acceder, según la normativa que se quiere aprobar, a ningún tipo de plaza, cuando en unos años un profesor cumplirá los años para jubilarse. 4.- Las becas postdoc a las que pudieran acceder los becarios FPU, en el ámbito jurídico social, tienen que salir 2 años al extranjero cuando la investigación que se hace en nuestro ámbito no resulta necesaria como en otros ámbitos. Es más, para poder acreditarse lo que necesitan es poder impartir clases. 5.- Y si un departamento no quiere solicitar un Ayudante Doctor, ¿qué ocurre?”.

O vicerreitor responde ás observacións de Carmen Ruiz, partindo sobre todo da idea de crear unha futura plantilla teórica e analizar aí un posible programa de axudantes, coa súa propia normativa. Haberá ademais que analizar as futuras xubilacións. Mentres tanto, pensa que do que se trata hoxe é de aprobar a normativa relativa aos axudante doutores. Haberá que crear programas para dar saída ao talento en determinadas áreas deficitarias.

Antonio Collazo pregunta polos prazos de publicación da futura plantilla teórica e a previsión de prazos futuras de axudante doutor (20 para o próximo curso e 36 cara ao futuro). O vicerreitor indica que dependerá das xubilacións que poida haber cara ao futuro e proporciona datos aproximados, nun horizonte de tres anos.

Carmen Ruiz insiste en que “el ejemplo que ha puesto es de una persona que cumple los requisitos para poder acreditarse como ayudante, pero es el área la que no tiene los 240 créditos y pregunta qué se hace con esa persona”. Pide votación del punto.

O vicerreitor contesta que as persoas teñen que acreditarse como axudante doutor e as persoas que queden pendentes terán que esperar a convocatorias futuras. Non é posible dar solucións individuais.

- Votos a favor da normativa: 32
- Votos en contra da normativa: 6
- Abstencións: 3

Apróbanse por maioría as normas de contratación de Profesorado Axudante Doutor.

## **12. Aprobación, se procede, da presentación da solicitude do PCEO do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Enxeñaría Informática.**

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón a traxectoria deste asunto. Parece que o Director Xeral de Universidades cambiou de parecer ao respecto e cede a palabra a Francisco Rodríguez para que o explique. Este indica que lle dixeron que non hai problema en que se reitere a solicitude, aínda que iso non garante que se aprobe posteriormente pola Xunta. O vicerreitor pregunta se ten unha impresión sobre a posible decisión final, pero Francisco Rodríguez indica que non deron pistas ao respecto. Parece que foi un cambio de criterio. Comenta que lles botaron en cara certas actuacións da prensa en Ourense, así como outras incidencias relativas ao programa conxunto. Houbo unha equivocación no anexo que foi corrixada e pide que se incorpore.

Incorpórase o reitor para presidir a reunión.

O reitor advirte dos riscos futuros que pode ter a solicitude feita á Xunta neste momento, xa que se podería montar a nivel local a titulación, e pide que os centros implicados asuman a responsabilidade de dito risco. Francisco Rodríguez insiste en presentar a solicitude.

Apróbase por asentimento.

## **13. Aprobación, se procede, da autorización excepcional de participacións en tribunais de tese por videoconferencia.**

O reitor informa de que se trata dunha petición da EIDO cara a axustar as lecturas de tese ao novo escenario de teledocencia que esixe a crise sanitaria, xa que non o permite actualmente o regulamento correspondente. Será durante o período de alarma sanitaria, pero pódese estudar de xeito permanente cara ao futuro.

Apróbase por asentimento a autorización excepcional de participacións en tribunais de tese por videoconferencia.

## **14. Aprobación, se procede, das axudas de investigación da Universidade de Vigo para o ano 2020.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que indica as principais características das axudas:

- Contratos programa grupos de investigación : axudas de 20.000 €
- Preparación de proxectos internacionais I+D+i: 3000-5000 €
- Reparación de equipamento científico: 1500 €
- Organización de congresos e reunións científicas: ata 3000 €
- Visita de investigadores/as: ata 1050 €
- Realización, comisariado e montaxe de exposicións: ata 1000 €
- Bolsas para viaxes: ata 3000 €
- Bolsas para estadias en centros de investigación: ata 3000 €

Período de solicitudes: do 30/03/2020 ao 30/04/2020.

Os cambios principais respecto do ano pasado foron os seguintes:

1. Redúcese o número de méritos solicitados para baremar o CV: pasan de 5 a 2.
2. Elimínouse a necesidade de presentar un breve resumo do traballo realizado ata o momento polo doutorando/a, do informe do director da tese.
3. Introdúciuse un criterio de desempate.
4. Modificouse a valoración dos méritos, baseada en equiparar as puntuacións dos méritos do ámbito científico, tecnolóxico e humanístico.

José Manuel Cruz non está de acordo en que se valoren unicamente dous méritos en lugar de cinco e pon varios exemplos das situacións prexudiciais que se poden xerar. A vicerreitora aclara que nestas axudas teñen preferencia os predoutorais, que probablemente non alcanzarían os resultados dos exemplos propostos. A convocatoria consensuouse cos estudantes predoutorais, que son os principais afectados pola mesma.

José Manuel Cruz insiste en que non é tan complicado valorar máis de dous méritos e que no seu departamento hai predoutorais que teñen máis de dous méritos. Pensa que con este sistema non se valora o CV dos candidatos. A vicerreitora entende que deberían escoller os dous mellores méritos, xa que iso abarata os custos da avaliación, que ás veces sae máis caro que os cartos que se reparten. Ademais, dáse prioridade aos estudantes que teñen os contratos coa Universidade de Vigo cara ás axudas de desprazamentos.

Apróbanse por asentimento as axudas de investigación da Universidade de Vigo para o 2020.

#### **15. Aprobación, se procede, da proposta de prezos das residencias curso 2020-21.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, quen indica que se trata simplemente dunha actualización que debe remitirse posteriormente ao Consello Social. Foi previamente aprobada pola Comisión de Extensión Universitaria e é unha subida equivalente ao incremento do IPC.

Apróbase por asentimento a proposta de prezos de residencias.

#### **16. Aprobación, se procede, do acordo das Universidades Públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2020-21.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, quen indica que non houbo apenas cambios respecto de cursos pasados, agás algún que afectaría ao curso 2021/22

Apróbase por asentimento o acordo.

#### **17. Quenda de intervencións.**

Gil Garrote pregunta se os prazos para modificación de títulos vanse ampliar. Manuel Ramos responde que depende da Consellería e da ACSUG. Falarase con eles.

Mar García Señorán súmase aos parabéns polo traballo que se está a realizar nestas circunstancias e fala dos problemas específicos do seu centro. Preocúpalle o sistema de avaliación continua. Pídenlle que especifique que acontece coas datas de exames xa aprobadas e pregunta que se pode facer. O reitor aposta pola flexibilidade e indica que nos tentaremos manter os prazos do curso, de momento. Haberá o venres unha instrución sobre guías docentes. Haberá que adaptarse as circunstancias e á teledocencia. O equipo de goberno está en contacto cos decanos e directores. O vicerreitor de Ordenación Académica

e Profesorado avanza certos detalles da instrución. Agardarase a ver como se desenvolven os acontecementos.

Carmen Ruiz Hidalgo pregunta “si las fechas para realizar el POD suelen ser en el mes de abril, ¿se van a mantener? ¿cómo se va a hacer en estos momentos?”. O reitor comenta que o venres verase como se axustan os calendarios.

Xulio Calviño desexa moita saúde a todos.

Raquel González, primeiro de todo, agradece a rápida reacción que tivo o equipo de goberno respecto desta situación. Quere por enriba da mesa algunhas dúbidas que lle transmitiron diferentes membros do alumnado. Se se van a dar por parte do equipo de goberno algunhas directrices para a docencia ou se se vai a seguir algún tipo de control a esa docencia telemática. Hai moitos casos nos que a opción que se decidiu adoptar para a teledocencia é a de subir as diapositivas a faitic e contestar dúbidas por correo electrónico, co descontento do alumnado. Por outro lado, os docentes que si que fan uso do campus remoto, moitos deles dan clases solo de 30 minutos, cousa que se pode chegar a entender pola saturación do sistema, pero tendo normalmente 2,5 horas semanais dunha materia se pasa a ter solo 1 hora (nos casos en que as hai), e pregunta como se van a cumprir as horas de docencia das guías docentes. No caso de que isto se alongue, vaise tomar unha decisión unánime en toda a universidade respecto a posibles modificacións no calendario escolar? ou vai ser decisión de cada dirección/decanato? Tamén tentar, tanto por parte dos docentes como da universidade, por á disposición do alumnado os recursos e materiais. Se a simultaneidade é un problema, poderíase chegar a unha reconsideración do horario ( con clases de 30 minutos) pero sen cambiar a carga horaria semanal.

O reitor sinala que haberá unhas directrices consensuadas cos centros, aínda que adaptadas ás peculiaridades de cada un. Espera resolver os problemas de tipo técnico e agardará a que se comprobren os resultados da docencia virtual, en colaboración cos centros. Os cambios de calendario consensuaranse cos centros e deben pasar polo Consello de Goberno. Chegan ofertas de bibliografía e materiais de estudo a distancia. Tamén barállanse solucións para persoas que non teñen bo acceso a Internet, particularmente no rural. Felicita aos servizos de Uvigo TV e aos servizos informáticos. Estase a pensar nun repositorio de gravacións. Tecnicamente estanse a estudar todas as opcións. Mar García Señorán pregunta a quen se remite esa información. O reitor indica que a través do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, mediante correo electrónico.

Francisco Rodríguez pide que a instrución sobre guías docentes se comente previamente cos centros. E sinala que no seu centro xa pasou algún caso de consumos completos do paquete de datos, e por iso recomenda gravación e non en directo. Podemos facer a consulta. Tamén hai docentes con problemas de conectividade (el mesmo hoxe está por movil como router).

Edita de Lorenzo únese aos parabéns á Uvigo TV, así como Juan Pardo e Gil Garrote.

Juan Pardo pregunta como podemos xestionar o seguimento da docencia, e se hai xente que emprega outras ferramentas. O reitor sinala que é así e que, en todo caso, está dispoñible a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:27 h. do día 24 de marzo de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral